

RESOLUCIÓN REITORAL DO 27 DE MARZO DO 2020 SOBRE A SUSPENSIÓN DOS TÉRMINOS E DOS PRAZOS DOS TRÁMITES NOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO DURANTE O ESTADO DE ALARMA

Á vista da Disposición Adicional 3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, onde se dispoña no seu parágrafo terceiro que “*se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo*”,

Á vista de que o parágrafo terceiro da mesma disposición sinala que “*no obstante lo anterior, el órgano competente podrá acordar, mediante resolución motivada, las medidas de ordenación e instrucción estrictamente necesarias para evitar perjuicios graves en los derechos e intereses del interesado en el procedimiento y siempre que éste manifieste su conformidad, o cuando el interesado manifieste su conformidad con que no se suspenda el plazo* ”,

Á vista de que a dita disposición foi obxecto de novas excepcións polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, por el que se modifica el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, onde se lle engade á mesma un parágrafo carto no que se sinala que “*las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos (...) que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios*”.

Á vista dos mecanismos e ferramentas de teletraballo de que dispoñen os distintos servizos e personal da Universidade, así como a posta á disposición de todos os usuarios da sede electrónica e do rexistro electrónico da Universidade de Vigo desde o derradeiro 16 de marzo

Esta Reitoría

R E S O L V E

Primeiro: a suspensión, con carácter xeral, dos términos e dos prazos para a tramitación dos procedimentos na Universidade de Vigo, consonte ao disposto no parágrafo terceiro do dito RD 463/2020 ata que o mesmo ou as súas prórrogas perdan vixencia, o que impide durante tal período, especialmente, a publicación e/ou resolución de convocatorias que supoñan unha concorrencia competitiva de posibles persoas candidatas.

Segundo: que, no entanto o disposto no parágrafo anterior, o servizo, centro ou órgano competente para tramitar un procedemento poida acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación (arts. 70 a 74 Lei 39/2915, do 1 de outubro, LPACAP) e instrución (arts. 75 a 83 da mesma Lei) estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses da persoa interesada no dito procedemento, sempre que esta manifeste a súa conformidade, que se poderá entender manifestada tácitamente cando, para un mesmo tipo de acto, a non suspensión beneficie a un elevado número de persoas interesadas e en ningún caso prexudique a ninguna de elles, sempre que previamente se procurara obter a manifestación expresa da conformidade de cada una das personas interesadas polo servizo, centro ou órgano competente.

Terceiro: a continuidade daqueles procedementos administrativos indispensables para o funcionamento básico dos servizos, previa resolución motivada do Reitor.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Vigo, a 27 de marzo de 2020

Manuel J. Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo